

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A CONSELLERÍA DO MAR PARA A DOTACIÓN ECONÓMICA DE BOLSAS DE FORMACIÓN NO ESTRANXEIRO PARA O ALUMNADO E PERSOAL DOCENTE DO INSTITUTO GALEGO DE FORMACIÓN EN ACUICULTURA (IGAFA) NO ANO 2026

REUNIDOS

Dunha parte, D. Luis López Dieguez, presidente da Deputación de Pontevedra, de acordo coas competencias que lle outorgan os artigos 105-1º a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e 34.1,b) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

E doutra parte, a Sra. Conselleira do Mar, D.ª Marta Villaverde Acuña, en virtude do seu nomeamento por Decreto 35/2025, do 4 de xuño, e ao amparo das facultades que lle concede o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras das Bases do réxime local,

Da fe do acto D.ª Beatriz del Cerro del Río, vicesecretaria da Deputación de Pontevedra.

Interveñen as partes en función dos seus cargos e no exercicio das facultades que en nome das entidades que representan teñen conferidas, e recoñécense con capacidade legal suficiente para subscribir este convenio; a tal efecto,

MANIFESTAN

Que, conscientes da importancia económica e social que, para Galicia en xeral e para a provincia de Pontevedra en particular, ten o desenvolvemento da acuicultura e a formación de técnicos nesta materia, creouse o Instituto Galego de Formación en Acuicultura, situado na Illa de Arousa.

Que dentro da Consellería do Mar, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro é a encargada de coordinar estes centros.

Que a Deputación de Pontevedra, en virtude do disposto nos artigos 109-1º d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 36. 1d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, ten competencia en materia de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

En consecuencia, e coa finalidade de cooperar nas accións de formación dependentes da mencionada Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, mellorando os programas existentes para a provincia de Pontevedra, as dúas partes subscriben o presente convenio segundo as seguintes,



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e ámbito do convenio

O presente convenio específico, establécese para regular a cooperación entre a Deputación de Pontevedra e a Consellería do Mar para mellorar a calidade da formación profesional no campo da acuicultura e o mergullo profesional, a través da dotación económica de bolsas de formación no estranxeiro para o alumnado e o persoal docente do Instituto Galego de Formación en Acuicultura (en diante IGAF), no ano 2026.

En calquera caso, a achega da Deputación de Pontevedra será sen menoscabo da contribución técnica que lle corresponda á Consellería como consecuencia da execución dos programas dependentes da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Segunda.- Compromisos a cumprir pola Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra comprométese a dotar economicamente bolsas para a especialización do alumnado e persoal docente en diferentes sectores da acuicultura e o mergullo. As bolsas terán unha duración máxima de tres (3) meses e consistirán na estancia das persoas beneficiarias en diferentes empresas e/ou institucións con sede nalgún dos países que estean especializados nos distintos ámbitos da acuicultura e o mergullo.

No caso da Deputación de Pontevedra, a execución de ditas accións someterase previamente aos informes da Secretaría e da Intervención, e demais trámites administrativos precisos e posterior aprobación polo órgano competente.

Con independencia dos traballos que realice a comisión de seguimento, a Deputación de Pontevedra establecerá, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, os mecanismos de control que estime necesarios para asegurar o cumprimento da finalidade perseguida neste convenio.

Terceira.- Compromisos a cumprir pola Consellería do Mar

A Consellería do Mar, pola súa parte, comprométese a elaborar o proxecto formativo que desenvolverán os participantes, supervisalo e facer o seguimento de cada unha das fases que o compoñen, ademais elaborar unha memoria final que lle remitirá á Deputación de Pontevedra.



A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, someterá tamén ao órgano competente da Consellería do Mar, a súa aprobación para executar as mencionadas accións.

O IGAFA, realizará a selección dos beneficiarios atendendo a criterios de adecuación do perfil do/a bolseiro/a (30%), expediente académico (40%) e coñecementos de idiomas (30%), establecéndose os seguintes criterios de baremo:

1. Adecuación do perfil do/a bolseiro/a (30%) valorarase, ata un máximo de 3 puntos, a motivación, autonomía, madurez, compromiso cos obxectivos das bolsas e habilidades comunicativas, a partir do informe do/a titor/a.
2. Expediente académico (40%) valorarase, ata un máximo de 4 puntos, calculando a nota media aritmética das cualificacións obtidas nos módulos do ciclo formativo cursados no centro (e previos ao módulo de Formación en Centros de Traballo -FCT- ao que se destinan estas axudas):

Puntuación numérica	Puntuación non numérica	Baremo
Do 5 ao 5,99	Aprobado	1,5
Do 6 ao 6,99	Ben	2
Do 7 ao 8,99	Notable	2,5
Do 9 ao 10	Sobresaínte	3,5
Matrícula de honra		4

Aplicarase a fórmula número puntos / número materias + número de convocatorias.

Non se terán en conta as cualificacións de validado/a por ter cursado outras titulacións.

3. Coñecementos de idiomas (30%) a puntuación máxima que se pode obter neste apartado é de 3 puntos.

3.1 Titulacións no idioma inglés:

Polo certificado oficial da Escola Oficial de Idiomas ou equivalente legalmente homologado ata un máximo de 2 puntos



A1	0 puntos
A2	0,5 puntos
B1	1 punto
B2	1,5 puntos
C1 ou C2	2 puntos

Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a adquirir outra de nivel superior.

Sen certificado oficial: realización dunha proba de nivel (escrito+oral) ata un máximo de 1,25 puntos.

3.2 Baremo dun segundo idioma:

Valorarase o coñecemento doutro idioma cun nivel mínimo de A2 e con acreditación de certificado oficial, do mesmo xeito que para o inglés, ata un máximo de 1 punto:

A2	0,25 puntos
B1, B2	0,75 puntos
C1, C2	1 punto

No caso de que non se cubran todas as prazas das alumnas e alumnos, poderán asignarse axudas ao persoal docente do IGafa ata esgotar o orzamento especificado na convocatoria de bolsas, cuxo proceso selectivo será supervisado por parte da dirección do IGafa, ou calquera outro membro do equipo directivo no caso de que a persoa que ocupe a dirección fora candidato a algunha mobilidade, establecendo os seguintes criterios, sendo a nota final a suma de todas as puntuacións:

1. Interese, motivación e compromiso cos proxectos europeos, ata un máximo dun punto:

Valorarase ata 1 punto o compromiso que ten a persoa solicitante cos proxectos europeos nos que participa o centro, a motivación para facer a mobilidade e a iniciativa para propoñer melloras na metodoloxía e currículo do centro.

2. Antigüidade no centro educativo, ata un máximo de 2 puntos.
3. Coñecemento de idiomas, ata un máximo de 3 puntos (a puntuación máxima que se pode obter entre os apartados 3.1 e 3.2 é de 3 puntos).

3.1. Titulacións de inglés e/ou outro idioma vehicular no destino da mobilidade.



Terase en conta o certificado oficial da Escola Oficial de Idiomas ou equivalente legalmente homologado, ata un máximo de 2 puntos:

A1	0 puntos
A2	0,5 puntos
B1	1 punto
B2	1,5 puntos
C1 ou C2	2 puntos

Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a adquirir outra de nivel superior.

Sen certificado oficial: realización dunha proba de nivel (oral) por parte do persoal de linguas do centro educativo, valorable ata un máximo de 1 punto.

3.2. Baremo dun segundo idioma.

Valorarase o coñecemento doutro idioma cun nivel mínimo de A2 e con acreditación de certificado oficial, ata un máximo de 1 punto.

A2	0,5 puntos
B1, B2, C1, C2	1 punto

4. Méritos académicos, ata un máximo de 2 puntos.

- Licenciatura universitaria relacionada co ámbito de FP no que se exerce a docencia: 1,50 puntos
- Mestrado universitario relacionado co ámbito de FP no que se exerce a docencia: 0,50 puntos
- Grao universitario relacionado co ámbito de FP no que se exerce a docencia: 1,00 punto
- Diplomatura universitaria relacionada co ámbito de FP no que se exerce a docencia: 0,70 puntos
- Título de técnica ou técnico relacionado co ámbito de FP no que se exerce a docencia: 0,50 puntos

Neste apartado só se valorarán titulacións distintas ou superiores ás esixidas para acceder ao exercicio da docencia.

5. Entrevista persoal, ata un máximo de 3 puntos.



Valorarase ata un máximo de tres puntos o compromiso pola integración das experiencias adquiridas na mobilidade docente, a iniciativa para propoñer vías de mellora no centro educativo, a iniciativa para a busca de entidades das que poder aprender e aplicar novas metodoloxías.

Tamén se valorará na entrevista a planificación docente posterior de cara a difundir o aprendido na mobilidade no centro educativo e beneficiar a toda a comunidade educativa.

No caso de empate, os criterios de desempate serán, por esta orde:

- Maior puntuación en antigüidade no centro.
- Maior puntuación no coñecemento de idiomas.

No caso de continuar co empate, o desempate determinarase por decisión do centro educativo.

Xunto coa selección das e dos beneficiarios, o IGAFa remitiralle á Deputación de Pontevedra un escrito onde se faga constar o destino e a finalidade da viaxe, e a asignación económica de cada bolsa (que se distribuirá en función do nivel de vida dos países de destino).

Coa finalidade de facilitar as tarefas de adxudicación, seguimento e control que permitan cumprir os obxectivos do presente convenio, noméase unha comisión mixta integrada polo director do IGAFa, a coordinadora da formación nos centros de traballo, a xefa de estudos, un representante do Consello Escolar e dous membros nomeados pola Deputación de Pontevedra, que velará pola marcha e execución do convenio e á que lle competirá a resolución das controversias que poidan xurdir no seu desenvolvemento e execución.

CUARTA.- Contía económica para o desenvolvemento do convenio

A contía total das bolsas será de quince mil euros (15.000,00 €), que lles serán ingresados aos beneficiarios seleccionados, con cargo á aplicación 26/410.4100.481.03, do vixente orzamento provincial, facéndose cargo a antedita comisión mixta, da súa adxudicación definitiva e do reparto do importe que lle corresponde a cada beneficiario/a.

O importe individual da subvención establecerase en base á distancia do centro de estudos ao centro de destino onde se realicen as prácticas e á estimación do custo



de aloxamento e manutención, segundo o país de destino, ata un total máximo de 3.000 euros por beneficiario/a.

Poderá autorizarse o pagamento anticipado do 50% das contías das bolsas, previa solicitude por escrito da dirección do IGFA onde se deben expoñer os motivos.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas que se poidan percibir para este mesmo fin, sempre que non se supere o custo total da actividade.

O beneficiario dará adecuada publicidade do carácter público do financiamento da actividade, a través dos seguintes medios: o IGFA fará referencia ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Consellería do Mar nas comunicacións ao alumnado ou persoal docente, na súa páxina web, noutros medios como a revista do centro e nas memorias individuais finais de cada un dos/as bolseiros/as.

Quinta.- Duración do convenio

O convenio manterá a súa vixencia durante o exercicio 2026, iniciándose no momento da súa sinatura e prolongándose ata o 31 de decembro do presente ano.

Se rematado o período de colaboración, as accións obxecto deste convenio non estivesen finalizadas, o referido período poderá ser prorrogado, ata o 31 de marzo de 2027, de forma expresa mediante unha acta complementaria, asinada por ambas partes. En todo caso, dita prórroga deberá formalizarse antes da data do vencemento do convenio (31 de decembro de 2026).

Sexta.- Seguimento

O incumprimento destas normas por algunha das partes facultará á outra para rescindir o convenio, quedando automaticamente anulados todos o dereitos correspondentes sobre o obxecto do mesmo.

Así mesmo, a información sobre a subvención concedida neste convenio será remitida ao Consello de Contas en aplicación do artigo 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da súa normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas- Resolución de 2 de decembro de 2016).

Este convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes máis aló das cláusulas recollidas no convenio, de forma que non se poderá esixir ningunha responsabilidade directa, indirecta ou subsidiaria por actos



ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento. As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo e no caso de aparición de discrepancias que non puideran solventarse a través da Comisión de Seguimento, acordan a submisión do presente convenio á orde xudicial contencioso-administrativa e expresamente ós xulgados do contencioso de Pontevedra.

Sétima.- Réxime xurídico

De conformidade co artigo 48, apartado 7, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP), o presente convenio, dado o seu carácter instrumental para subvencións, rexeráse polo previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Oitava.- Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou do exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable” dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia, os datos persoais obtidos neste procedemento.



As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revocar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

E, en proba de conformidade e para a debida constancia do convenio, as dúas partes outorgantes subscriben este documento electrónicamente, constando como data de subscrición a correspondente á última firma realizada.

Presidente da Deputación de Pontevedra
D. Luis López Dieguez

Sra. Conselleira do Mar
D.ª Marta Villaverde Acuña

Vicesecretaría da Deputación de Pontevedra
Beatriz del Cerro del Río

